



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE ABRIL DE 2013

LICENZAS

LIC/2046/2012.- JOSE MARÍA CASTRO RÍOS.- Conceder licenza para construción de alpendre na rúa Broeira, 1.

LIC/1871/2012.- PILAR CARBALLEIRO GIGIREY.- Conceder licenza para execución de galpón con destino a almacén de apeiros de labranza no lugar de Aldea de Abaixo.

LIC/200/2013.- CONSTRUCCIONES Y REFORMAS FAGARI.- Conceder licenza para adecuación funcional de edificio de vivendas na rúa de Boiro, 8.

LIC/28/2010.- ELISA ALCOBRE BARREIRO.- Modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno Local na sesión do día 29 de xuño de 2010.

LEGALIZACIÓNS

LIC/114/2013.- AMANCIO VEIGA NOYA.- Conceder licenza para legalización de galpón en Fonte Virtudes, A Barciela.

OBRA E APERTURA

LIC/922/2012 e LAP/157/2012.- CRISTINA COTÓN ALBOR.- Conceder licenza de obras de ampliación de nave e apertura de elaboración de produtos de confitería-pastelería na rúa José Villar Granjel, 50.

PARCELACIÓNS

LIC/309/2013.- MARÍA CONCEPCIÓN OTERO PEÑA.- Conceder licenza de parcelación no lugar de Quintáns, Villestro.

LIC/1293/2012.- CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, SL.- Conceder licenza de segregación, agrupación e parcelamento no lugar de Mallou.

CADUCIDADES

LIC/1242/2008.- AMABLE COTON ALBOR. Declarar a caducidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de maio de 2009.

LIC/1722/2009.- SANTIAGO REGUEIRO ALVARÍO.- Declarar a caducidade da licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de setembro de 2010.

RECURSO DE REPOSICION

LIC/1809/2008.- ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, SA.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de abril de 2009.

LIC/989/2012.- JOSE MANUEL VIEITES NIEVES.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo de 2013.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/468/2013.- CUREAL, SL..... LIC/49/2005 17.214,40 €

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á denegación dunha axuda de carácter social.

A XGL aprobou denegar diversas axudas de carácter social por non cumprir os requisitos esixidos na normativa dos MAPIS (Medidas de Apoio para a Prevención e integración social).

5.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, a diversos suxeitos pasivos.
Concédense os devanditos beneficios fiscais.

36.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico e Mobilidade relativa á solicitude á Dirección Xeral de Tráfico da cesión de instalacións da súa propiedade.

A XGL aprobou solicitar á Dirección Xeral de Tráfico a cesión de instalacións da DGT que foron habilitadas para mellorar a seguridade no tráfico no ano 2010. Así mesmo aprobouse solicitar a cesión de material composto por: bandeolas, matriz de leds e cámaras de tv.

37.- Proposta do concelleiro delegado de Vías e Obra e xestión ordinaria de servizos básicos relativa á aceptación de diversas cesións de terreos para as obras de remodelación de beirarrúas para a mellora da seguridade vial en Meixonfrío.

A XGL aprobou aceptar a cesión dunha pequena parte da finca dun veciño para poder levar a cabo as obras de remodelación e modificación das beirarrúas no Lugar de Meixonfrío e San Lourenzo.

38.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de desconsignación e pago da parcela núm.1 do Proxecto de Expropiación dos terreos non incorporados á xunta de compensación do SUP-4. de Conxo.

Á vista do informe da sección de expropiacións e a proposta da concelleira da Área de Urbanismo aprobouse requirir á Xunta de Compensación do SUP-4 Conxo, como beneficiaria da expropiación, que no prazo de dez días ingrese na Tesourería Municipal a cantidade de 4.607,01 euros, diferenza entre a valoración do prezo xusto do xurado de expropiacións e a cantidade consignada no seu día como indemnización.

39.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1) nos artigos 150, 151, 152 e 155 da Normativa Urbanística.

A XGL aprobou esta modificación inicial co obxecto de ampliar as posibilidades do uso comercial exclusivo nas ordenanzas Recinto Intramuros, Áreas urbanas inmediatas, Lineais históricos periféricos e implantacións e reformas do planeamento anterior.

40.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da memoria das actividades do VIII Certame de Danza Intercentros 2013 "Compostela en Danza".

Aprobouse a memoria de actividades do VIII Certame de Danza Intercentros 2013. O Departamento de Educación está a impulsar e apoiar o traballo que se está a realizar no eido da danza nas idades temperás de 3 a 18 anos. Total bailaríns participantes: 190; persoas asistentes: 1010 por actuación. O orzamento é de 6.809,46 €.

Os obxectivos son: achegar a danza á cidadanía, desenvolver a autonomía persoal, competencia artística, sensibilidade musical, fomentar o traballo en equipo... Os lugares onde se van a impartir e os tipos de danzas son os seguintes:

- Cluny: clásica e moderna.
- CEIP Pío XII: clásica e moderna.
- CEIP López Ferreiro: clásica e moderna.
- IES Xelmírez I: moderna.
- IES Rosalía de Castro: clásica e moderna.

41.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da memoria das actividades do XVIII Certame de Teatro Intercentros 2013.

Aprobouse a memoria para o XVIII Certame de Teatro Intercentros 2013, co que se pretende dar continuidade ás actividades que se veñen realizando con grande éxito de participación e resultados. En abril interprétanse todas as obras nos salóns dos Institutos Rosalía, Xelmírez e Escola de Maxisterio e como resultado da votación do alumnado e dun xurado profesional, resultan elixidos dous grupos, primaria e secundaria, que farán a súa interpretación no teatro principal os días 20 e 27 de maio. O orzamento é de 4.340 €.

Obras a representar:

- IES Rosalía: Amoríos da praza, Disparate.
- IES Antonio Fraguas: Horror Kavaret.
- IES Eduardo Pondal: As nubes de Aristófanes.
- CEIP Vedra: Mascarada.
- IES Lamas de Abade: Inda non es sogra.
- CEIP Vite: Os poemas do río, Os cociñeiros da Seguriade Social.
- Colexio San Jorge: Os animalíños.
- CEIP Lamas de Abade: Non sen o meu teléfono móbil.
- IES Xelmírez I: A Onda.

42.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de recursos de reposición contra o acordo desta Xunta de Goberno da cidade de Santiago de

Compostela de data 18.12.2012 polo que se conceden axudas sociais ao persoal municipal.

43.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

Aprobouse aboar en concepto de horas extraordinarias do persoal municipal as seguintes cantidades:

Administración: 3.027,23 € - xaneiro, febreiro e marzo 2013.

Bombeiros: 4.768,08 € - xaneiro, febreiro e marzo 2013.

Policia: 30.960,67 € - xaneiro, febreiro 2013.

44.- Aprobación do proxecto da Ordenanza Reguladora do servizo municipal de Axuda no Fogar.

A XGL votou favorablemente á aprobación inicial do proxecto de Ordenanza Reguladora do servizo municipal de axuda no fogar. Este servizo público de carácter local ofrece un conxunto de atencións ás persoas para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu entorno habitual. Dito servizo experimentou na última década diversos cambios normativos que esixen a adaptación da súa ordenanza reguladora á normativa.

45.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais para dar conta da devolución de cantidade concedida en concepto de prestación económica municipal (MAPIS) por actividades.

Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.- Apróbase unha modificación orzamentaria para traspasar 72.000 euros dunha partida de Vías e Obras a outra de Centros socioculturais para pequenos arranxos.